Moi boas!!

Hoxe me gustaría que en primeiro lugar fixésedes un escrito sobre o voso libro favorito no que me resumades un pouquiño cal é o tema e por que vos gusta. Recordade facelo en galego.
Podedes enviarmo a mestra.leticiarp@gmail.com no formato que podades e volo devolverei corrixido!Tamén me podedes escribir con todas as dubidas ou inquedanzas que teñades.

Como xa sabedes podedes imprimir, facer no caderno ou se queredes no ordenador. O venres envíovos as correccións dos exercicios.

Así mesmo, déixovos esta proposta de lecturas por se vos apetece! https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/10-propostas-galego-balde-ler-encerro/20200326141708093912.html

En segundo lugar vamos a facer uns exercicios sobre acentuación de palabras. Recórdovos o seguinte:

Existen dous tipos de sílabas dentro dunha palabra. As sílabas **tónicas** son aquelas que se pronuncian con máis forza ou intensidade e as sílabas **átonas** as máis débiles.
Recordamos tamén que algunhas levan **acento gráfico** e outras non!

Existen tres tipos de palabras:

- As palabras agudas teñen a sílaba tónica no último lugar: xa**bón**
- As palabras graves teñen a sílaba tónica no penúltimo lugar: **mo**ble
- As palabras esdrúxulas teñen a sílaba tónica no antepeúltimo lugar: **mú**sica

1. Separa en sílabas e rodea a sílaba tónica da cor que máis che guste.

Carpeta Teléfono Mandil Xamón

.......................................................................................................................................

Camión Fabricar Galiña Álbum

.......................................................................................................................................

**2** Clasifica as palabras da actividade anterior no grupo que corresponda.

| Con acento gráfico | | Sen acento gráfico | |
|---|---|---|---|
| | | | |
| | | | |

**3** Completa coa sílaba que falta e indica se é unha sílaba tónica (T) ou átona (A).


___derno (A)


xi___fono ( )


ca___col ( )


___toxo ( )


tarta___ga ( )


bolí___fo ( )


___da ( )


___to ( )

**1** Sigue os fíos e copia a sílaba tónica de cada palabra onde corresponda para descifrar a mensaxe oculta.




**5** Completa as oracións coa palabra axeitada de cada parella.



- ______ que hai nove ángulos.

calculo
cálculo

secretaria
secretaría

- Miña nai traballa de ______.





- O ______ deixou un aviso de que saía.

medico
médico

conten
contén

- O paquete ______ unha sorpresa.



---

Ollo, porque neste caso o acento gráfico nos avisa de onde vai a sílaba tónica en cada par de palabras.

CÁLculo/CalCUlo     SecreTAria/secretaRÍA     Médico/medico     conTÉN/CONten